

Nº EXPEDIENTE: 2024/SUBCC/000008

MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DA VI EDICIÓN DOS PREMIOS ERNESTINA OTERO SESTELO PARA A INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA NO ANO 2024.

Primeiro.- Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos premios Ernestina Otero Sestelo no ensino non universitario correspondentes ao ano 2024 nas categorías que se relacionan no parágrafo seguinte.

Ditos premios están orientados a recoñecer e valorar aqueles proxectos educativos innovadores e relevantes en canto á incorporación da perspectiva de xénero, e que supoñan un exemplo de boas prácticas e modelo para futuras iniciativas educativas en materia de igualdade de oportunidades de mulleres e homes. Establécense dúas categorías de participación, en función do tipo de centro:

- **Categoría A:** Escolas de educación infantil, colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria e centros públicos integrados que presenten proxectos implementados en educación infantil e/ou primaria.
- **Categoría B:** Centros públicos integrados que presenten proxectos implementados en educación secundaria, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional e centros de educación e promoción de poboación adulta.

Segundo.- Centros beneficiarios

Centros docentes de educación infantil, primaria, secundaria e postobligatoria non universitaria do Concello de Pontevedra que realizen proxectos e actividades incorporando a perspectiva de xénero e a promoción da igualdade de oportunidades de mulleres e homes no curso académico 2023/2024.

É preciso que os proxectos fosen executados na súa totalidade na data de presentación da solicitude.

Terceiro.- Importe dos premios e aplicación orzamentaria:

Concederanse dous premios para cada categoría, cos importes que figuran na seguinte táboa:

Categoría	Premio	Importe
A	1º premio	900,00 €
	2º premio	500,00 €
B	1º premio	900,00 €
	2º premio	500,00 €
TOTAL		2.800,00 €

O xurado poderá conceder accésits a aqueles centros non premiados que presentasen unha boa práctica educativa digna de mención.

O xurado tamén se reserva a posibilidade de propoñer a concesión de premios “ex aequo” para cada modalidade, en cuxo caso, o importe do premio repartirase en partes iguais.



Os premios poderán ser declarados desertos no caso de non atoparse a calidade suficiente para outorgalos. Con carácter excepcional, e por acordo motivado, o Xurado poderá acordar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre o resto de centros premiados.

Este premio é compatible coa concesión de calquera outro do que sexa beneficiario o centro polo mesmo proxecto.

O importe de cada premio deberá destinarse ao fomento e desenvolvemento de proxectos ou actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes no curso seguinte á concesión deste.

Para a concesión dos premios desta convocatoria, destinaranse os créditos globais de 2.800€ con cargo a aplicación orzamentaria: **12-2311-48100**.

Cuarto.- Documentación específica que debe achegarse para presentarse ao premio e prazo de presentación dos traballos.

As actividades e/ou proxectos presentados deben terse realizado ao longo do curso 2023/2024 incorporando a perspectiva de xénero de xeito innovador e relevante.

Cada centro poderá presentar dúas (2) solicitudes de participación nestes premios por cadanseu proxecto/actividade.

Para participar nesta convocatoria será necesaria a presentación da seguinte documentación:

- Solicitud que acompaña a esta convocatoria (Anexo I).
- Memoria do proxecto/actividade, que deberá conter obrigatoriamente os seguintes apartados:
 - a) Centro
 - b) Nome proxecto/actividade.
 - c) Traxectoria do centro (historia, contorno social, número de grupos e alumnado, persoal, plans e proxectos significativos levados a cabo nos últimos anos).
 - d) Xustificación da actuación e obxectivos.
 - e) Accións, procedementos e recursos postos en práctica.
 - f) Metodoloxía empregada.
 - g) Temporalización da actuación.
 - h) Implicación da comunidade educativa e da contorna nas actuacións.
 - i) Indicadores de difusión da experiencia (visibilidade do proxecto, repercusión nos medios de comunicación, redes sociais...).
 - k) Valoración e logros acadados.
 - l) Previsión de actuacións futuras como consecuencia do traballo realizado.
 - m) Relación da documentación complementaria que se presenta, se a houber.
- Certificación asinada pola dirección do centro de que contan con autorización para o uso das imaxes do alumnado menor de idade participante no proxecto, se a houber.
- Compromiso asinado pola dirección do centro de destinar o premio ao fomento e desenvolvemento de proxectos ou actividades educativas relacionadas coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes no prazo máximo de un ano desde a concesión deste.
- Certificación bancaria do número de conta do centro educativo no que ingresar o importe do premio, de ser o caso.





- Declaración responsable de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiarios establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións e de que se atopan ao corrente coas obrigas coas administracións públicas.
- Poderá xuntarse calquera outra documentación que se estime axeitada para unha mellor comprensión do proxecto.

A documentación presentárase en galego e deberá empregar unha linguaxe inclusiva.

De acordo co establecido no artigo 14.2) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación das solicitudes para os presentes premios farase exclusivamente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica do Concello de Pontevedra, debendo proceder á súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na seguinte URL (<http://sede.pontevedra.gal/>).

Ademais, a maiores da presentación na sede electrónica, deberase adiantar a través do correo electrónico copia da solicitude e memoria en formato pdf ao enderezo de correo electrónico seguinte: igualdade@pontevedra.eu.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde a publicación da convocatoria no BOP ata o 30 de setembro de 2024.

Se a documentación achegada estivese incompleta ou presentara erros emendables, requirirase para que no prazo de dez (10) días hábiles a emenda de erros coa advertencia de que de non facelo terase por desistida a solicitude.

Quinto.- Órgano instrutor

A instrución do procedemento da concesión de premios correspóndelle ao Servizo de Benestar Social do Concello.

Sexto.- Composición do xurado cualificador.

A composición do xurado que levará a cabo a cualificación dos traballos presentados estará composta por:

- Directora do CIM do Concello de Pontevedra ou persoa en que delegue.
- 3 representantes do Concello de Pontevedra.
- 3 representantes do ámbito educativo.

O xurado poderá contar con asesoramento e solicitar tanta información complementaria considere oportuna antes da resolución.

O veredicto do xurado será inapelable e comunicárase na entrega dos premios, dándolle a axeitada publicidade na páxina web do Concello <http://www.pontevedra.gal>

A entrega dos premios farase en acto público, debidamente anunciado.

Sétimo.- Criterios de valoración para o outorgamento dos premios.

A valoración realízase unicamente a través da memoria presentada a esta convocatoria. Valoráranse todos aqueles aspectos que describan accións concretas, metodoloxías aplicadas e logros acadados.

Os criterios de valoración para a concesión dos premios serán os seguintes:

1. Calidade do contido, lingüística e técnica da memoria (ata 10 puntos).
2. Integración da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como prioridade no desenvolvemento do Proxecto Educativo de Centro (ata 10 puntos).
3. Coherencia cos principios do Plan de Igualdade Municipal do Concello de Pontevedra (ata 10 puntos).



4. Nivel de implicación da comunidade educativa: profesorado, alumnado, familias e outros colectivos (ata 10 puntos).
5. Visibilidade do proxecto na comunidade educativa e entorno (ata 10 puntos).
6. Nivel de logro acadado no desenvolvemento do proxecto (ata 10 puntos).
7. Innovación educativa da metodoloxía empregada e dos produtos finais (ata 10 puntos).
8. Sostibilidade temporal e capacidade de replicación noutros centros (ata 10 puntos).

Oitavo. Xustificación do premio

Ao abeiro do art. 88.1 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei de xeral subvencións, o premio económico concedido quedará debidamente xustificado coa presentación da acta da reunión do xurado na que se acorde outorgar o VI Premio Ernestina Otero Sestelo que regula estas bases.

Noveno. Forma de pagamento

O decreto do Alcalde no que se outorgue o premio ós centros participantes disporá tamén o seu pagamento na contía que corresponda.

A Tesouraría municipal realizará o pagamento do premio na conta bancaria determinada polos centros gañadores, consonte co procedemento determinado na normativa de aplicación.

Décimo. Procedemento e órgano resolutorio

Segundo o disposto no art. 11 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Pontevedra, o procedemento ordinario para a concesión de subvencións será mediante convocatoria pública e polo procedemento de concurso; e o órgano competente para a aprobación da convocatoria, a aprobación das bases e a resolución do procedemento é o Alcalde cando a contía da convocatoria non exceda de 12.020,24 euros.

Décimo primeiro. Publicidade e difusión dos premios.

Os proxectos premiados poderán ser publicados ou divulgados polo Concello de Pontevedra.

A presentación a esta convocatoria supón a autorización para a súa divulgación, agás que os centros interesados manifesten o contrario.

Décimo segundo. Retirada da documentación.

A documentación complementaria presentada relativa a proxectos que non resulten premiados poderá ser retirada no prazo de tres meses a partir da data de resolución dos premios mediante solicitude presentada no Rexistro Municipal.

A partires de dito prazo, a documentación non retirada, será destruída.

Décimo terceiro. Información sobre a convocatoria.

Calquera dúbida sobre o contido desta convocatoria será atendida polo Centro de Información á Muller (tlf: 986 864 825; e-mail: igualdade@pontevedra.eu).

Décimo cuarto. Protección dos datos de carácter persoal.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria serán incluídos nun ficheiro responsabilidade do Concello, cuxo obxecto é xestionar este procedemento así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.

Os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento así como o seu consentimento, poderán exercerse mediante o envío dunha comunicación a



Concello de Pontevedra, con CIF: P3603800H e enderezo en rúa Michelena, 30, 36071 Pontevedra ou ao seguinte enderezo electrónico: sede@pontevedra.eu.

Tamén poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

A Concelleira Delegada de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía do Concello de Pontevedra na data que figura na sinatura electrónica.



ANEXO I:

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NOS PREMIOS ERNESTINA OTERO SESTELO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:	
CENTRO EDUCATIVO:	
NIF:	
ENDEREZO:	CÓDIGO POSTAL:
PARROQUIA:	CONCELLO:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:	TELÉFONO:

E, na súa representación

NOME E APELIDOS:	NIF
EN CALIDADE DE:	
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)	
ENDEREZO:	CÓDIGO POSTAL:
PARROQUIA:	CONCELLO:
CORREO ELECTRÓNICO:	TELÉFONO:

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA (MARCAR CUN X)

☐	Certificación da autorización para o uso de imaxes de menores participantes
☐	Compromiso de destinar o premio a actividades relacionadas coa igualdade
☐	Certificación bancaria do número de conta
☐	Memoria descriptiva
☐	Declaración responsable
☐	Documentación complementaria

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria serán incluídos nun



ficheiro responsabilidade do Concello, cuxo obxecto é xestionar este procedemento así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. Os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o consentimento prestado para o tratamento dos mesmos poderanse exercer mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Concello de Pontevedra, rúa Michelena, 30, 36071 Pontevedra, ou a través do correo electrónico sede@pontevedra.eu.

Pontevedra, de de 2024

SINATURA

Concelleira Delegada de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía do Concello de
Pontevedra

